

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

**14027** *Corrección de erros do Real decreto legislativo 1/2015, do 24 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios.*

Advertidos erros no Real decreto legislativo 1/2015, do 24 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 177, do 25 de xullo de 2015, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 5, no preámbulo, primeiro parágrafo, oitava liña, onde di: «...medicamentos de uso veterinario...», debe dicir: «...medicamentos veterinarios...».

Na páxina 13, artigo 8, número 1, alínea a), onde di: «... medicamentos de uso humano e de uso veterinario...», debe dicir: «...medicamentos de uso humano e veterinarios...».

Na páxina 14, artigo 11, número 3, parágrafo primeiro, liñas segunda e terceira, onde di: «...medicamentos de uso humano e veterinario...», debe dicir: «...medicamentos de uso humano e veterinarios...»

Na páxina 64, artigo 105, número 2, cuarta liña, onde di: «...artigo 92.6.», debe dicir: «...artigo 91.6.».

Na páxina 68, artigo 111, número 2, alínea b), infracción 16.<sup>a</sup>, onde di: «Dispensar medicamentos non suxeitos a prescrición médica, cando esta resulte obrigada.», debe dicir: «Dispensar medicamentos sen receita, cando esta resulte obrigada.».

Na páxina 81, artigo 123, número 1, epígrafe 1.19, correspondente á «Taxa para as actuacións previstas no artigo 124.6» da epígrafe «Outras» do «Grupo I. Medicamentos de uso humano», onde di: «Taxa para as actuacións previstas no artigo 124.6», debe dicir: «Taxa para as actuacións previstas no artigo 123.6».

Na páxina 82, artigo 123, número 1, epígrafe 4.1, correspondente a «Unha soa cepa» da «Taxa por un procedemento simplificado nacional» para a «Avaliación, autorización e inscrición no rexistro dun novo medicamento homeopático sen indicación terapéutica aprobada» do «Grupo IV. Medicamentos homeopáticos de uso humano e veterinarios», onde di: «569,69», debe dicir: «596,69».

Na páxina 86, artigo 123, número 2, parágrafo terceiro, onde di: «...medicamentos de uso veterinario,...», debe dicir: «...medicamentos veterinarios,...».

Na páxina 92, disposición adicional décimo terceira, número 1, segunda liña, onde di: «...artigos 88 e 90,...», debe dicir: «...artigos 87 e 89,...»